

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a corporación municipal en pleno, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia e antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, fai constar a queixa do seu grupo porque nas preguntas que se presentan aos plenos só se reflicten na acta as contestacións dos concelleiros do grupo de goberno, e non se reflicten as contestacións que efectúan os demais grupos da oposición.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2007.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, solicita que se modifique o parágrafo oito do folio 12, pois onde di: “Engade que non lle preocupa ese tema, ...” debe dicir “Engade que lle preocupa ese tema ...”.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar o borrador correspondente á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2007 coa modificación proposta polo voceiro do BNG.

2º.- Proposta de aprobación de contía de prezo público correspondente á ordenanza núm. 22, reguladora do prezo público por actividades culturais.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 18 de outubro de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2007.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente á ordenanza fiscal núm. 22, reguladora do prezo público por actividades culturais:

CONCEPTO	IMPORTE
Actividade de hipoterapia para nenos discapacitados	10 euros/hora

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.

3º.- Proposta de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais nº 4, 6, 8, 9, 12, 14, 15 e 19 para o exercicio 2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 17 de outubro de 2007.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2007, coa modificación proposta polo grupo municipal do PP á Ordenanza n.º 14 reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas municipais e prestación de servizos deportivos.

Aberto debate, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen manifesta que presentaron na comisión informativa unhas modificacións ás ordenanzas que queren manter no pleno.

En concreto, respecto da Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, propoñen que se reduzan os dereitos de inscrición nos procesos de selección de persoal ao 50% cando se trate dunha interinaxe.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga, propoñen que se aplique un sistema similar ao doutros concellos limítrofes, é dicir, que os tramos por bloques de consumo se apliquen en función do número de persoas que habitan nunha vivenda.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais e servizos deportivos, propoñen que se suprima a alínea c) do artigo 5 que se refire a que as persoas maiores de 55 anos recibirán unha bonificación do 25% da cota, e modificar a alínea g) do mesmo artigo 5 no sentido de que as persoas maiores de 55 anos terán unha bonificación do 50% da cota con independencia do tipo de actividade á que se inscriban.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego contesta que, en canto á redución dos dereitos de inscrición nos procesos selectivos, implicaría que determinadas prazas pagarían cinco euros, o que podería xerar unha demanda excesiva, e é importante indicar que cada vez que se convocan prazas hai que realizar uns exercicios, o que leva consigo que os técnicos municipais que forman parte dos tribunais se dediquen durante uns cantos días a exercer esas funcións.

En canto á Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga considera que, de aprobar a modificación proposta, os estudos económicos se farían a posteriori, e deberían estar feitos antes para poder elaborar os orzamentos do vindeiro ano con datos fiables.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se propoñen a modificación é para recoller unha petición feita polos veciños a todos os grupos políticos municipais, e se en vez de tralo ao pleno sen ningún tipo de discusión, se tivera intentando consensuar os contidos das ordenanzas, ao mellor os estudos poderían terse realizado. E en canto á inscrición nas probas selectivas, eles estanse referindo fundamentalmente aos grupos máis elevados. Ademais, engade, o politicamente correcto sería intentar que moita xente se presente. En todo caso, trátase só de interinos, cun tempo de traballo limitado, e pagar 40 ou 50 € de taxa si que retrae á xente.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que esas prazas interinas non son para catro días, poden ser meses e, nalgún caso, aínda que non sexa o ideal, poden ser anos, co cal esa argumentación non é válida. Ademais, despois forman parte dunha lista de espera e poden ser chamados.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, mantén as modificacións propostas na comisión informativa.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 6, de expedición de documentos administrativos, propón que se amplíe a exención por fotocopia e compulsa de documentos administrativos aos colectivos sociais e a asociacións do termo municipal, co fin de fomentar a participación cidadá, así como, unha bonificación do 50% nos dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal, para as persoas discapacitadas.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 8, reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecemento, propón bonificar co 50% aos menores de 30 anos que soliciten por primeira vez a apertura dun establecemento, iso co fin de axudar aos mozos emprendedores, e tamén aos desempregados de longa duración (12 meses).

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 12, reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública, propón que, respecto das reservas de espazo temporal para construción, comercio, servizos, etc., debería poñerse un gravame do 10% ou máis, cando se ocupen prazas de aparcamento, de minusválidos, etc.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e pola prestación de servizos deportivos, propón unha exención fiscal do 50% pola utilización de instalacións deportivas para todas aquelas asociacións deportivas que realicen o seu traballo con nenos e nenas de Cambre, menores de idade, co fin de fomentar o deporte base no concello.

Tamén considera que a subida é bastante forte, pois nalgún caso chega ao 11%, noutras ao 8%, etc., e isto vai supoñer unha perda importante do poder adquisitivo das familias, se se ten en conta que subiu o pan, o leite, e outras necesidades básicas, por iso, propón que se contemple unha suba do 5% segundo está establecido para outro tipo de actividades.

Respecto da suba do 10% na ordenanza n.º 12, don José Venancio Salcines contesta que ten dúbidas de se legalmente se pode facer, polo que considera que é necesario contar cun informe xurídico previo e, se é posible, que se suba o 10%.

En canto ao tema que lle preocupa da suba da ordenanza fiscal n.º 14, hai que ter en conta que poder realizar as actividades deportivas xéralle ao concello un déficit de cerca de 15.000 € ao ano, e con estas subas o que se intenta é que o déficit sexa un pouco menor, pero o concello non gana nada. Ademais, engade, recóllense bonificacións para os colectivos máis débiles, xa sexa polo número de membros na familia, ou polas rendas que sexan máis baixas, de tal xeito que esas proteccións sociais quitan forza á suba.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que tamén presentaba unha exacción fiscal do 50% pola utilización de instalacións deportivas para as asociacións que realicen o traballo con nenos e nenas de Cambre, menores de idade.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o concello, e polo tanto o goberno municipal, ten outras vías para axudar a potenciar o deporte, e é a política de subvencións que se leva a cabo dende a Concellería de Deportes. Considera que é a través de deportes cara onde se ten que levar esas axudas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, propón que, na Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais e prestación de servizos deportivos, se incremente a bonificación no 100% sen limitación de renda para as persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, e que se amplíe tamén para viúvos/-as, coa limitación do espazo físico da aula, e coa condición de que para amortizar a citada bonificación, unha vez aprobada a Ordenanza de telefonía móbil, modificar a Ordenanza n.º 8, relativa á taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecemento, para incrementar a tarifa correspondente á instalación de antenas de telefonía móbil, que agora é de 6.000 € e poñer unha cota anual de mantemento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás engade que, en canto á ordenanza fiscal pola subministración de auga, e tendo en conta que está en Cambre o encoro de Cecebre, insta ao goberno

municipal para que solicite dos servizos técnicos e xurídicos municipais un informe para ver se Emalcsa debe pagar un canon, ver se existe algunha comparativa ao respecto.

Pola súa parte, don José Antonio Baamonde apunta que na ordenanza fiscal relativa á subministración de auga, parécelles importante a proposta do BNG, pero se absteñen porque consideran que debe ser obxecto dun estudo previo por parte dos técnicos municipais, e propoñen que se estude en rigor.

Sometido a votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica do día 25 de outubro actual, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete concelleiros do PP, e votan en contra os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2008 e seguintes as modificacións das Ordenanzas fiscais que a continuación se relacionan:

I. Reenumeración das Ordenanzas fiscais debido a derogación da ordenanza fiscal núm. 20, reguladora da taxa polas actividades extraescolares municipais, por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de agosto de 2007, quedando a numeración a partir de dito número do seguinte xeito:

- Ordenanza fiscal núm. 21, da taxa pola tenencia de animais de compañía e animais potencialmente perigosos, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 20.

- Ordenanza fiscal núm. 25, reguladora de contribucións especiais, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 21.

II. Modificación do texto das ordenanzas, segundo se transcribe a continuación:

- Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Modifícase a alínea 1 do artigo 4º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 4º. - Bonificacións.

1. As obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar disfrutarán dunha bonificación de ata o 50 por cento sobre a cota do imposto en proporción á porcentaxe que a enerxía solar cubra sobre o total da enerxía necesaria para o funcionamento da vivenda, considerándose o mínimo a cubrir para solicitar a subvención, o 20 por cento da enerxía total requirida pola mesma. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación de dita edificación para favorecer dito aproveitamento, unicamente se computarán para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desglosado na parte que corresponda ás mencionadas obras.

As solicitudes serán enviadas, coa documentación que as acompaña e un informe respecto do cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza, ós servicios municipais de medioambiente que, valorando as instalacións, formularán informe proposta sobre a súa concesión. A resolución corresponde á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

Esta bonificación só será aplicable a aquelas construcións que non deban dispoñer obrigatoriamente destes sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar segundo o disposto no Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

- Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

Modifícase o artigo 7º nos seguintes epígrafes: epígrafe “Dereitos de exame”, epígrafe “Planos, fotocopias e documentos técnicos” coa modificación da súa alínea 6, e epígrafe “Outros documentos” coa inclusión da *expedición de informes sociais* do artigo 7º, así como o artigo 8º da presente ordenanza fiscal, quedando como seguen:

Artigo 7º. - Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da seguinte maneira:

(...)

Dereitos de inscrición en Procesos de Selección de Persoal	TARIFA
Procesos de selección de persoal para prazas encadradas no subgrupo A1 ou asimilado	50,00 euros
Prazas do subgrupo A2 ou asimilado	40,00 euros
Prazas do subgrupo B ou asimilado	30,00 euros
Prazas do subgrupo C1 ou asimilado	30,00 euros
Prazas do subgrupo C2 ou asimilado	20,00 euros
Prazas de Agrupacións profesionais sen requisito de titulación ou asimilado	10,00 euros

Planos, fotocopias e documentos técnicos	TARIFA
Por cada documento que se expida en fotocopia:	
6. Fotocopia e compulsas de documentos esixidos para a obtención de calquera tipo de prestacións por parte da área de servizos sociais ou para solicitudes de prestacións sociais ante a administración autonómica ou central, tramitadas dende dita área, e para axudas ás familias por fillos cursando estudos (bolsas de estudo), por folio	0,00 euros

Outros documentos	TARIFA
Expedición de informes sociais	00,00 euros

(...)

Artigo 8º.-Bonificacións da cota.

Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa, salvo no concerninte a dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal en que se aplicará unha redución do 50 % da tarifa a aqueles que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación.

- Ordenanza fiscal n.º 8, ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

Modifícase a alínea 1 do artigo 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 6º.- Tarifa.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

<i>DESCRIPCIÓN</i>	<i>COTA</i>
<u>Actividades de tramitación ordinaria:</u>	
Establecementos ou instalacións dos cales a superficie non supere os 100 m ² :	300,00 euros
Establecementos ou instalacións dos cales a superficie supere os 100 m ² :	
Polos 100 primeiros m ² :	300,00 euros
Por m ² adicional:	1,00 euro / m ²
<u>Actividades de tramitación especial:</u>	
Establecementos ou instalacións dos cales o orzamento non supere os 15.000,00 euros:	
Con superficie non superior a 100 m ² :	650,00 euros
Con superficie superior a 100 m ² :	
Polos 100 primeiros m ² :	650,00 euros
Por m ² adicional:	1,50 euros/ m ²
Establecementos ou instalacións dos cales a orzamento total supere os 15.000,00 euros:	
Con superficie non superior a 100 m ² :	1.100,00 euros
Con superficie superior a 100 m ² :	
Polos 100 primeiros m ² :	1.100,00 euros
Por m ² adicional:	1,70 euros/ m ²
Resto de expedientes que afecten a vivendas:	150,00 euros/local
Resto de expedientes que afecten a outros locais ou instalacións:	450,00 euros
Instalación de antenas de telefonía móbil:	6.000,00 euros

- Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros.

Modifícase o artigo 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaránse segundo as tarifas establecidas nas alíneas 2 e 3 do artigo 5º.

- Ordenanza fiscal n.º 12, reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancía de calquera clase.

Modifícase o artigo 6º da presente ordenanza fiscal, coa inclusión nel da alínea 3, quedando como segue:

Artigo 6º. - Cota tributaria.

(...)

3. Normas para a aplicación das tarifas:

Para os efectos da liquidación da taxa, cando se produza o acceso dende a vía pública a un grupo de fincas ou locais que compartan a mesma entrada computarase como superficie do local, a suma das súas superficies.

A superficie computada será a destinada a garaxe, expresada en metros cadrados e sumando as plantas ou pisos do mesmo, no seu caso. Non se computaran a superficie destinada a outros usos tales como ascensores, pasillos exteriores ao garaxe, trasteiros, etc.

- Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos.

Modifícanse o artigo 5º da presente ordenanza fiscal coa inclusión na alínea 1 do epígrafe g), e os cadros de tarifas establecidas no artigo 6º, quedando como segue:

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1. A cota da taxa polo servizo de escolas deportivas e plan de promoción deportiva redúcese pola aplicación das seguintes bonificacións:

(...)

g) Terán unha bonificación do 100%, sen limitación de renda, as persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, bonificación que se aplicará tamén aos viúvos/-as, coa limitación do espazo físico da aula.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Uso de instalacións deportivas municipais.

Pavillóns polideportivos municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.1	Por hora de utilización	26,25 euros
1.2	Por hora de utilización entre 24:00 h e 9:00 h	31,50 euros
1.3	Equipos federados municipais sénior por hora	10,50 euros
1.4	Equipos categoría sénior e afeccionados participantes en torneos municipais por hora	15,75 euros
1.5	Suplemento por despacho (de billetes)	99,75 euros

Campos de fútbol. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.6	Equipos federados do municipio por hora	31,50 euros
1.7	Equipos non federados do municipio por hora	63,00 euros
1.8	Suplemento por despacho (de billetes)	31,50 euros

Pistas polideportivas e canchas de tenis. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.9	Por hora de utilización	7,35 euros

Piscinas municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.10	Entrada libre por día, veciños do municipio	2,21 euros
1.11	Entrada libre bono 6 entradas, veciños do municipio	10,50 euros
1.12	Entrada libre bono 24 entradas, veciños do municipio	31,50 euros

Ximnasia e rocódromo. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.16	Por hora de utilización e persoa	2,10 euros

Campos de chave. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.17	Por hora de utilización	12,50 euros

Os grupos/equipos ou veciños doutros municipios terán un suplemento do 100% das tarifas polo uso das instalacións.

Malia o anterior, a cota da taxa pola utilización das instalacións deportivas será cero nos seguintes supostos:

- a) Os actos gratuítos organizados por entidades sen fin de lucro en colaboración co Concello.
- b) As actividades das comunidades escolares de centros de ensino público para actos propios da súa finalidade educativa, ata un máximo de sete horas semanais por comunidade escolar.
- c) As competicións deportivas federadas de base e o deporte en idade escolar.
- d) Os adestramentos deportivos de entidades de carácter deportivo sen fin de lucro, inscritas no rexistro municipal para categorías de base ata xuvenís inclusive na proporción dunha hora por cada dous equipos e tres horas semanais como máximo.

As entidades xuvenís terán unha hora semanal exenta.

Outras entidades sen fin de lucro municipais, para actos non deportivos, terán que solicita-la exención presentando unha memoria explicativa da finalidade do uso.

Epígrafe 2. Servicio de escolas deportivas municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa mensual
2.1	Ximnasia de mantemento de adultos	14,50 euros
2.2	Ximnasia de mantemento de adultos en centros deportivos	14,50 euros
2.3	Escola deportiva de judo	13,00 euros
2.4	Escola deportiva de patinaxe artística	13,00 euros
2.5	Escola deportiva de tenis (perfeccionamento)	15,50 euros
2.6	Outras escolas deportivas (2 horas semanais)	13,00 euros
2.7	Outras escolas deportivas (3 horas semanais)	16,00 euros
2.8	Outras escolas deportivas (4,5 horas semanais)	18,00 euros

Epígrafe 3. Plan de promoción deportiva. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
3.1	Escolas de promoción deportiva	27,51 euros
3.2	Cursos de iniciación á equitación de 20 horas	109,20 euros
3.3	Cursos de ata 15 horas	40,95 euros
3.4	Cursos de ata 30 horas	81,90 euros

3.5	Cursos de formación de técnicos deportivos. Cursos realizados en colaboración con outras administracións, federacións deportivas:	
3.5.1	Ata 50 horas	150,00 euros
3.5.2	Ata 100 horas	218,00 euros
3.5.3	Ata 200 horas	286,00 euros

Os veciños doutros municipios terán un suplemento do 50 % nas tarifas das escolas deportivas municipais e plan de promoción deportiva.

- Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga.

Modifícanse os artigos 5º e 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como seguen:

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturabile determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 do epígrafe 1 do artigo seguinte.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Usos domésticos:

- 1.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,37 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 30 e menos de 90 m³ trimestre, excesos a 0,53 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,03 euros cada m³.

O mínimo facturabile por aboado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 2. Usos non domésticos:

- 2.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,53 euros cada m³.
- 2.2. Entre 30 e 3.000 m³ trimestre, excesos a 0,71 euros cada m³.
- 2.3. Máis de 3.000 m³ trimestre, excesos a 1,00 euros cada m³.

O mínimo facturabile por aboado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 3. Tarifas especiais:

3.1 Cando o aboado sexa unha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións veciñais e a subministración se destine a uso deportivo, cultural ou cívico, ou ben sexa unha institución relixiosa que o destine a súa finalidade:

- 3.1.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,12 euros cada m³.
- 3.1.2. Máis de 30 m³ trimestre, excesos a 0,16 euros cada m³.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.

3.2 Cando se trate doutra Entidade Local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Carral:

Tódolos m³ a 0,44 euros cada m³ sen mínimo facturable.

Epígrafe 4. Outras tarifas:

- 4.1. Enganche á rede e primeira contratación do servizo, 95,00 euros.
- 4.2. Formalización de póliza de enganche por cambio de titularidade, 35,00 euros.

- Ordenanza fiscal n.º 19, reguladora da taxa por servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais.

Modifícase o artigo 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 6º. - Cota tributaria.

1. A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Tarifa 1: Por prestación do servizo de axuda a domicilio:

- 1.1. Usuarios con renda “per cápita” mensual menor ou igual á pensión non contributiva, así como aquelas persoas que por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo dictaminado polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais, terán unha cota de cero euros /hora.
- 1.2. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 100 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ó 75 por cento do salario mínimo interprofesional, pagarán 1,53 euros /hora.
- 1.3. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 75 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 100 por cento do mesmo, pagarán 2,86 euros /hora.
- 1.4. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 100 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 120 por cento do mesmo, pagarán 4,18 euros /hora.
- 1.5. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 120 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 140 por cento do mesmo, pagarán 5,51 euros /hora.
- 1.6. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 140 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 160 por cento do mesmo, pagarán 6,83 euros /hora.

1.7. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 160 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 180 por cento do mesmo, pagarán 9,28 euros /hora.

1.8. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 180 por cento do salario mínimo interprofesional, pagarán 10,30 euros /hora.

Tarifa 2: Por asistencia ó centro ocupacional municipal de discapacitados psíquicos “A Escada”:

2.1 Tarifa normal: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 115 % do salario mínimo interprofesional, pagarán 97,96 euros en concepto de matrícula, 106,38 euros/mes en concepto de asistencia, e 48,08 euros/ mes en concepto de transporte.

2.2 Tarifa reducida 1: usuario con renda “per cápita” mensual igual ou maior do 100 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 115 % do mesmo, pagarán 91,95 euros en concepto de matrícula, 99,17 euros/ mes en concepto de asistencia, e 45,08 euros/ mes en concepto de transporte.

2.3 Tarifa reducida 2: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 80 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 100 % do mesmo, pagarán 80,54 euros en concepto de matrícula, 86,55 euros/ mes en concepto de asistencia, e 45,08 euros/ mes en concepto de transporte.

2.4 Tarifa reducida 3: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 65 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 80 % do mesmo, pagarán 73,92 euros en concepto de matrícula, 75,13 euros/ mes en concepto de asistencia, e 33,06 euros/ mes en concepto de transporte.

2.5 Tarifa reducida 4: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 50 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 65 % do mesmo, pagarán 49,28 euros en concepto de matrícula, 53,49 euros/ mes en concepto de asistencia, e 30,05 euros/ mes en concepto de transporte.

2.6 Tarifa reducida 5: usuario con renda “per cápita” mensual menor ou igual ó 50 % do salario mínimo interprofesional, pagarán 31,25 euros en concepto de matrícula e 30,05 euros/ mes en concepto de transporte.

Para os efectos da cota determinada de acordo coa tarifa 2 antes mencionada, no caso de que se inscriba máis dun irmán, o segundo e seguintes verán reducida a súa cota nun 20 % polo concepto de asistencia e un 50 % polo concepto de matrícula.

Tarifa 3: Por prestación do servizo de transporte adaptado.

3.1 Usuarios con renda per cápita mensual igual ou inferior á pensión non contributiva, así como aquelas persoas que por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo ditaminado polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais, terán unha cota de 0 euros por quilómetro percorrido.

3.2 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 100 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 175 por cento da pensión non contributiva, pagarán 0,09 euros por quilómetro percorrido.

3.3 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 175 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 250 por cento da pensión non contributiva, pagarán 0,18 euros por quilómetro percorrido.

3.4 Usuarios con renda per cápita mensual superior ao 250 por cento da pensión non contributiva, pagarán 0,35 euros por quilómetro percorrido.

Tarifa 4: Por prestación do servizo de comedor sobre rodas.

4.1 Usuarios con renda per cápita mensual igual ou inferior á pensión non contributiva, así como aquelas persoas que por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo ditaminado polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais, terán unha cota de 0 euros por menú que se sirva.

4.2 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 100 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 150 por cento da pensión non contributiva, pagarán 2 euros por menú que se sirva.

4.3 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 150 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 200 por cento da pensión non contributiva, pagarán 3 euros por menú que se sirva.

4.4 Usuarios con renda per cápita mensual superior ao 200 por cento da pensión non contributiva, terán que pagar 4 euros por menú que se sirva.

2. Para os efectos do previsto no apartado anterior, ten a consideración de renda a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda de persoas físicas. A renda per cápita mensual será o resultado de dividir a renda anteriormente definida, entre os doce meses do ano e o número total de membros que conviven na vivenda familiar.

Segundo: As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2008, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.

4º.- Proposta de aprobación da modificación das ordenanzas núm. 22, 23 e 24 reguladoras de prezos públicos por actividades culturais, xuvenís e actividades deportivas de verán, e do acordo de establecemento de prezos públicos por actividades extraescolares.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 17 de outubro de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2007.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación das ordenanzas e do acordo regulador de prezos públicos, que a continuación se relacionan:

I. Modificar as ordenanzas e o acordo regulador de prezos públicos segundo se transcribe a continuación:

- Ordenanza fiscal n.º 22 reguladora do prezo público por actividades culturais.

Modifícase a denominación da ordenanza fiscal quedando do seguinte modo:

“Acordo regulador do prezo público por actividades culturais”

Modifícase a alínea 1 do artigo 4º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Pleno da corporación ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44).

- Ordenanza fiscal n.º 23 reguladora do prezo público por actividades xuvenís.

Modifícase a denominación da ordenanza fiscal quedando do seguinte modo:

“Acordo regulador do Prezo Público por Actividades Xuvenís”

Modifícase o artigo 4º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 4º. - Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza determinarase aplicando as tarifas seguintes:

	Concepto	Tarifa
1	Saídas dun día	12,00 euros
2	Campamentos, aventuras, viaxes e saídas de máis dun día	15,00 euros/ día
3	Cursos (educación non formal)	
3.1	Duración ata 39 horas	20,00 euros
3.2	Duración entre 40 e 99 horas	100,00 euros
3.3	Duración entre 100 e 300 horas	170,00 euros
4	Suplementos	
4.1	Distancia ó lugar de destino superior a 300 Km	0,03 euros/ km
4.2	Aloxamento	10,00 euros/ noite
4.3	Alugueiro de material	5,00 euros/ día
4.4	Subministración de material para actividades	
4.4.1	Dun día	3,00 euros
4.4.2	De máis dun día	6,00 euros
4.5	Subministración de material para cursos	
4.5.1	Duración ata 39 horas	5,00 euros
4.5.2	Duración entre 40 e 99 horas	20,00 euros
4.5.3	Duración entre 100 e 300 horas	50,00 euros

2. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

3. As cotas anteriores redúcense pola aplicación das seguintes bonificacións ou reducións:

a) As persoas empadroadas no municipio que acrediten formar familiar numerosa, o 50 por 100 da cota en cada actividade.

b) Cando se inscriban na mesma actividade máis dun integrante dunha unidade familiar, que figure empadroada no municipio, o primeiro pagará o 100 por 100 da cota e os seguintes un 50 por 100 da cota.

c) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, así como os posuidores do “carné máis” e as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre terán unha bonificación do 30 por 100 da cota.

d) Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, así como os integrantes de asociacións xuvenís de Cambre que así o acrediten terán unha bonificación do 50 por 100 da cota.

e) As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo o informe dos Servicios Sociais do Concello de Cambre ó respecto, así como os menores ata catro anos inclusive, terán unha bonificación do 100 por 100 da cota.

4. Os beneficios fiscais regulados no apartado anterior, non serán de aplicación ós suplementos das tarifas establecidos no artigo 4º, que deberán ser aboados íntegramente polos usuarios.

5. Os participantes nas actividades que non figuren empadroados no municipio terán un suplemento do 25 por 100 da tarifa resultante.

- Ordenanza fiscal n.º 24 reguladora do prezo público por actividades deportivas de verán.

Modifícase a denominación da ordenanza fiscal quedando do seguinte modo:

“Acordo Regulador do Prezo Público por Actividades Deportivas de Verán”

Modifícase a alínea 1 do artigo 4 da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Pleno da Corporación ,ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 4 , apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución dos mandatos establecido na Constitución española de fomento da educación física e o deporte , así como a adecuada utilización do ocio (artigo 43.3).

- Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais.

Modifícase a alínea “Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais” do artigo 4º do presente acordo regulador, quedando como segue:

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público do Programa de Actividades Extraescolares determinarase aplicando as tarifas do cadro seguinte:

(.....)

Tarifa por hora	Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais	Euros
9.	Por hora de programa	1,00

II. Reenumerar as ordenanzas reguladoras de prezos públicos, quedando a numeración do seguinte xeito:

- Acordo regulador n.º 1.- Acordo regulador do prezo público por actividades culturais.
- Acordo regulador n.º 2.- Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares Municipais.
- Acordo regulador n.º 3.- Acordo regulador do prezo público por actividades deportivas de verán.
- Acordo regulador n.º 4.- Acordo regulador do prezo público por actividades xuvenís.

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- Proposta da Alcaldía de nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de outubro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2007.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear representante do Concello no consello escolar da escola de educación infantil de Sta. Mª de Vigo, a don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Designar como representante do Concello de Cambre ante a Asociación do grupo de acción local Proder II “Terra das Mariñas”, ao Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra, e como suplente ao concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego don José Venancio Salcines Cristal.

6º.- Proposta de modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no Programa de intervención familiar.

O Sr. presidente retira o asunto da orde do día, xa que non puido ser ditaminado pola comisión informativa correspondente.

7º.- Coñecemento da Resolución de Alcaldía de data 10 de outubro de 2007, relativa á delegación da presidencia das comisións informativas especiais.

De orde do Sr. presidente dáse lectura pola secretaria da corporación á Resolución de Alcaldía de data 10 de outubro de 2007, que se transcribe literalmente a continuación:

“Tendo en conta o establecido no artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respecto da delegación do exercicio de atribucións por parte da Alcaldía, e artigos 44.3 e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal respecto de que o alcalde é o presidente nato de todas as comisións informativas, podendo delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación.

Facendo uso da citada atribución, resolvo:

Primeiro: Delegar a presidencia das comisións informativas que de seguido se relacionan, nos concelleiros delegados da área que igualmente se indica:

- Comisión Informativa Especial para o AVE: Dona María Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos.

- Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información: Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá.

Segundo: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e dease conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

8º.- Mocións.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, tratouse a seguinte moción:

A) Moción do grupo municipal do PP para a reordenación do tráfico na zona do Temple, a consecuencia das obras da Costa da Tapia.

Rexistrada de entrada ao n.º 11.930 o día 20 de outubro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“De todos é coñecido que a Costa da Tapia é a arteria principal da parroquia do Temple e que soporta un volume de tráfico moi considerable de xeito diario, non só de residentes do noso concello, senón tamén de concellos limítrofes como o caso de Oleiros, que dende que se aprobou a gratuidade da peaxe da Barcala, os seus residentes utilizan esta vía para acceder á autoestrada e poder así trasladarse á cidade da Coruña.

Ante a incerteza, malestar e problemas que están xerando as obras de reordenación da travesía da Costa da Tapia, ademais de dúbidas e desinformación entre todos os veciños e empresarios da zona consideramos conveniente e oportuno tomar unha serie de medidas que axuden a minimizar estas consecuencias.

Os problemas aos que facemos referencia teñen unha repercusión notable en todo o tráfico rodado de toda a parroquia do Temple, parte destes problemas veñen motivados polos cambios nas direccións das rúas, como no caso da rúa Otero Pedraio que pasou a ser de dirección única en sentido de subida, que no caso de non atopar aparcamento ao longo do percorrido da rúa, se teña que acudir a glorieta do Seixal para volver á zona, o que leva consigo unha sobrecarga extra de vehículos na Costa da Tapia, situación esta que en horas punta bloquea e atrasa moito máis o tráfico da zona; ademais para o acceso ás prazas de garaxe das máis de 700 vivendas existentes na rúa teñen que acudir a través da rúa Estanque e dar voltas a varias rúas, que no caso de vehículos pesados e para camións que veñen a subministrar mercancías aos negocios e a causa da estreiteza das rúas resulta pouco máis que intransitable.

Outro problema é o incumprimento por parte do goberno local de Cambre do anuncio de que a policía local reforzaría a súa presenza na zona para regular o tráfico, sobre todo nas horas punta e nas zonas máis conflitivas, tendo en conta que é unha zona que presenta habitualmente moitos atascos, non notou ningún cambio en canto a esa maior presenza, detectando que se seguen as mesmas pautas de traballo que antes do comezo das obras, é dicir, a nula ou case nula presenza da policía local sobre todo a partir das seis da tarde que é cando deberían de facer notar a súa presenza para organizar o tráfico da zona en todo o longo da Costa da Tapia e non só nalgúns puntos concretos sendo oportuno en zonas propicias de desconxestión do tráfico como resulta na rotonda de acceso á autoestrada que en horas punta se atopa colapsada polos vehículos que proveñen da autoestrada e que se dirixen a Cambre e Culleredo e que non permiten aos vehículos que baixan pola Costa da Tapia acceder á autoestrada.

Outra queixa que manifestan abertamente os veciños e empresarios é da actitude adoptada por parte dos policías locais que multan aos condutores que estacionan uns minutos os seus vehículos, en zonas que non molestan nin interfieren no tráfico, para acudir aos establecementos comerciais dunha forma breve e curta, contradicindo as palabras expresadas na reunión mantida o pasado 20 de setembro no centro social da parroquia, nas que se indicou que por parte da policía local serían “máis transixentes” neste tipo de accións para minimizar os efectos da supresión das prazas de aparcamento a causa das obras.

Todas estas queixas dos veciños e empresarios residentes da citada rúa (rúa Otero Pedraio, O Temple), veñen recollidas e avaliadas polas máis de 400 firmas que se achegan á presentación desta moción.

Por estas razóns o grupo municipal popular do Concello de Cambre presenta, para o seu debate e aprobación plenaria as seguintes propostas

1. Solicitar a presenza policial na zona para a regulación do tráfico, non só na zona do paraugas e casa das Palmeiras; senón tamén ao longo da Costa da Tapia (principalmente na rotonda de saída da autoestrada) para unha maior reordenación do tráfico sobre todo ás horas punta.
2. Que se dispoñan ademais dos medios necesarios para minimizar, no posible, os efectos das obras e os prexuízos que causan aos veciños e aos empresarios da zona mantendo unha constante comunicación cos

encargados da obra co fin de adoptar as medidas necesarias para a execución das obras e que supoñan a menor ocupación da vía posible.

3. Volver á reposición de dobre dirección da circulación na rúa Otero Pedraio coa finalidade de:

- liberar o tráfico rodado da Costa da Tapia reducindo o número de vehículos que transitan na actualidade por ela
- ofrecer outras posibilidades e vías alternativas para desprazarse aos residentes da citada rúa (máis de 700 veciños) evitando así a súa saída obrigada na actualidade na Costa da Tapia coa conseguinte contribución á saturación e sobrecarga de vehículos nela.”

Aberto debate, don Francisco Javier Varela Tejedor, vocerío do PS de G-PSOE, expón que están de acordo coa preocupación que manifesta o PP. Cre que toda a corporación está de acordo en que debe procurarse que se ocasionen as menos molestias posibles con calquera obra pública que se execute, e que os veciños tamén teñen que sacrificarse, pero non poden estar totalmente de acordo con algunha das afirmacións vertidas na moción. Así, non hai un incumprimento por parte do goberno local, porque a través da policía local se fixo o necesario para minimizar as repercusións negativas nos veciños. Fíxose o posible, e felicitan á policía local, aínda que si asumen que os esforzos non son suficientes.

En canto a que se alude á actitude intransixente da policía local, que multa aos condutores que estacionan uns minutos os seus vehículos en zonas que non molestan, non é certo, e demóstrao o feito de que non hai ningunha denuncia por estacionamentos menores a 15 minutos. Si están de acordo, en cambio, en que debe reforzarse á policía local no que se poida. Engade que se reuniron co subdirector de estradas para solicitar que poñan máis traballadores na obra.

En canto á dobre dirección na rúa Otero Pedraio, hai un informe da policía local ratificándose nas medidas adoptadas ata agora, pero pedirán un estudo alternativo e se del se deriva que debe repoñerse a dobre dirección, así se fará.

Conclúe dicindo que propón aprobar a moción, pero coas seguintes modificacións: solicitar da policía local o reforzo da súa presenza na medida do posible, instar á comunidade autónoma para que axilice as obras para que duren o menos posible, e realizar un estudo alternativo sobre a viabilidade ou non da dobre dirección na rúa Otero Pedraio e sobre posibles alternativas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, manifesta que cando fai mención á policía local, non critica o seu labor, que fai o que pode, senón a falta de axentes, e o que hai é unha falta de planificación municipal. Agora se recoñece que hai un problema, cando na comisión informativa do martes parecía que non existía.

Consideran que sería necesario volver poñer a dobre dirección, ou buscar outra solución, pois se colapsa a Costa da Tapia nas horas punta, e a rotonda do Seixal está intransitable.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non é técnico na materia e solicita ao Sr. alcalde que dea lectura ao informe emitido pola policía local.

O Sr. alcalde engade que se comprometeu cos veciños a que a policía elaboraría un informe. Fíxoo, e pasarlles unha copia. Tamén manifesta que o luns ten unha entrevista co coronel xefe da garda civil para que colaboren coa policía local.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Vieites Mariñas, expón que tamén debe buscarse solución aos empresarios, que a día de hoxe non teñen ramplas de acceso aos locais, como é o caso da farmacia, que chamou á policía porque estivo todo o fin de semana sen ela. Do lado esquerdo está valado en máis do 50%, os traballadores son poucos, cambiouse a parada do bus sen informar, etc. As queixas dos veciños chegan agora e cren que é debido a unha falta de información.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, respecto do cambio da parada do autobús, colocouse información na marquesiña 48 horas antes.

Dona M^a Jesús Vieites Mariñas, do PP, responde que leva todos os días ao neno á parada do autobús e non viu nada.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que na reunión que mantiveron onte pediuse ao subdirector xeral de estradas que minimizase no posible estes problemas.

Dona M^a Jesús Vieites Mariñas quéixase de que ela ten pedido durante tres semanas, poder ver os planos e documentación das obras da Costa da Tapia, e a día de hoxe non os ten.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que llo deixou na casa das Palmeiras.

Dona M^a Jesús Vieites Mariñas responde que hoxe ás 12:00 h. foi a pedilo e non o tiñan.

O Sr. alcalde toma a palabra e expón que a obra é da comunidade autónoma, e sen prexuízo da responsabilidade que corresponda, o compromiso é que se vai axilizar, e se van poñer uns medios a disposición dos veciños, comerciantes e residentes. Seguirán tendo reunións, e pretenden causar o menor dano posible aos veciños. É unha obra complicada, con moito tráfico na zona e preténdese entorpecer o menos posible aos veciños.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que se leva pelexando por esta obra durante moitos anos, que por fin se executa despois de que se fixera oídos xordos durante moito tempo. Son inevitables as molestias e os atascos, o problema é que a xente ten a sensación de que non se fai o necesario. Non sabe exactamente que se di no informe elaborado pola policía, pero pódense tomar medidas de tipo provisional. O que querían transmitir o martes era que, á parte de que as obras crean problemas, é unha obra que todo o mundo quere, a preocupación dos veciños é que non se está facendo todo o que se pode. Válase e pasan días e días sen facer nada. En canto á presenza policial, non sabe se é certo ou non, pero hai que facer un esforzo para que dende o goberno se poñan en marcha os mecanismos necesarios para paliar no posible estes problemas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que é certo que hai problemas, como se produciron tamén en Cambre ou Pravio que sufriron cortes de tráfico, pero trátase de mellorar a seguridade viaria. O que é criticable é a falta de información e previsión. Debería terse

ditado un bando aconsellando a utilización do transporte público, indicar o lugar onde se poda aparcar, etc. É dicir, a obra é necesaria, e os veciños botan en falta información.

A continuación, o Sr. alcalde solicita á secretaria da corporación que dea lectura ao informe emitido polo oficial da Área de Tráfico e Seguridade Viaria de data 23 de outubro actual, en relación co escrito presentado por comerciantes da zona solicitando cambios na ordenación da circulación no contorno da rúa Otero Pedraio.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, manifesta que lle parece correcto pero, dende o seu grupo, consideran que a moción debe manterse, e non é por capricho xa que se ratifica por máis de 500 veciños. Ademais, cren que a reposición da dobre dirección na rúa Otero Pedraio vai funcionar mellor, non obstante, se se observan problemas, pois se volve a como está agora.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o problema é complexo para resolvelo sen ningún informe detallado e técnico. Non vale coas manifestacións dos afectados, as solucións deben buscarse tecnicamente, e aquí ninguén é técnico. Por iso, propón aprobar a moción coas condicións que expuxo ao inicio do debate, é dicir, pedir un estudo e non experimentar con solucións, pois se agora se propón a dobre dirección e dentro dun mes se volve cambiar, o que se vai facer é confundir aos veciños. Ademais, xa había un informe emitido pola policía no mes de agosto e no que se expoñía esta solución, polo que sería arriscado facer un cambio agora sen o estudo técnico correspondente.

Don José Antonio Baamonde propón que se estude, pero que se vote a moción tal e como foi presentada.

O Sr. alcalde sinala que se se aproba a moción, hai que volver á dobre dirección.

Don Luis Miguel Taibo Casás cre que a proposta de don Francisco Javier Varela Tejedor é razoable, pois se se cambia agora e dentro dun mes se volve cambiar, os problemas serían maiores. Ademais, si hai firmas dos veciños, pero ao mellor outros veciños firmarían o contrario.

O Sr. alcalde engade que hai outros veciños de outras rúas que sufrirán tamén as consecuencias, o tema dos veciños tamén é distinto ao dos empresarios, polo que habería que valorar todo isto. Así pois, e á vista do informe emitido pola policía local, propón á corporación adoptar o acordo de solicitar un estudo con proposta de alternativas aos problemas formulados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, matiza que ninguén discute que houbera un informe técnico, pero despois do tempo transcorrido se comprobou que a solución non funcionou, polo menos na rúa Otero Pedraio, e tampouco é contradictorio recuperar a dobre dirección, non causarían prexuízos aos veciños. O seu grupo apoia a moción ou outra consensuada.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e tendo en conta o informe emitido pola policía local, somete a votación ordinaria a proposta de solicitar un estudo-alternativa.

Votan a prol da proposta os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), polo que queda aprobada a proposta de Alcaldía.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, tratouse a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto da construción de instalacións para a práctica do deporte do deslizamento (Skate).

Rexistrada de entrada ao n.º 11.907 o día 19 de outubro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“Os deportes de deslizamento (monopatín, patíns,...) contan en Cambre cun gran número de afeccionados de diversas idades, que á hora de practicar o seu deporte favorito, ou ben o fan en plena rúa, ou teñen que desprazarse a outros concellos, por non contar cunhas mínimas instalacións adecuadas no noso concello.

O interese polo tema, xa foi amosado en varias ocasións ao concello polos propios afeccionados, que incluso fixeron unha manifestación para solicitar as infraestruturas deportivas, sen que a día de hoxe viran realizadas as súas demandas.

Son múltiples os lugares do concello onde a mocidade se dá cita para a práctica da súa actividade favorita, que nalgún caso causa pequenas molestias aos viandantes, á parte do perigo que supón para eles mesmos practicar ese deporte sen as debidas condicións de seguridade.

Considera o noso grupo municipal que esta afección pode e debe ser atendida dende o concello como unha alternativa máis de ocio e deporte, que a administración local ten a obrigaón de prestar aos cidadáns.

Por todo o exposto, o grupo municipal de EU-IU, proón ao pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Encomendar ao goberno municipal, que de inmediato inicie os trámites e as actuacións para levar a cabo a construción dunhas instalacións axeitadas para o fin mencionado.

Segundo: Das actuacións que se deriven da presente moción, a Alcaldía ou no seu caso o responsable da área, informarán puntualmente á comisión informativa municipal correspondente, para o seu estudo, e remitíralas simultaneamente aos colectivos xuvenís, demandantes das instalacións mencionadas.”

Aberto debate, don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que é un tema no que levan traballando moito tempo. Teñen un estudo no que se contemplan varias zonas, mantiveron reunións con diferentes grupos e dispoñen dunhas valoracións ao respecto, polo que non ten inconveniente en reunirse a vindeira semana cos voceiros para estudar as posibles colocacións. Incluso hai algún anteproxecto, deseños, etc.

Conclúe dicindo que poden quedar para o vindeiro martes, ás 12:15 horas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor propón que, dado que vai haber unha reunión para a vindeira semana, se deixe a moción sobre a mesa para un estudo posterior, proposta que é aceptada polos concelleiros de EU-IU.

A continuación, o Sr. alcalde propón declarar a urxencia da moción que presenta relativa á solicitude de subvención para os traballos de redacción do Plan xeral de ordenación municipal, e iso motivado en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes o día 31 do mes que andamos.

A corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou ratificar e declarar a urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

C) Moción de Alcaldía de solicitude de subvención para finalizar os traballos de redacción do Plan xeral de ordenación municipal.

O Sr. alcalde expón de forma oral, que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ditou unha orde de 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción dos instrumentos de planeamento urbanísticos.

Para tal efecto, solicitou unha valoración do que custaría adaptar á lexislación urbanística medioambiental vixente os traballos xa executados, e presenta unha memoria da que se deriva que o importe de adaptación se eleva a 205.712,30 €, polo que propón solicitar unha subvención de 164.569,84 € equivalente ao 80% do total.

Aberto debate, don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que lles parece sorprendente que a orde se publicara o 24 de abril de 2007, finalice o prazo para pedir a subvención o día 31 de outubro, e se traía hoxe ao pleno pola porta de atrás, cando se reuniron na comisión informativa hai dous días e non se comentou nada, parece que se volve ao período de atrás, de pouca transparencia.

Conclúe que é un tema moi importante para os veciños de Cambre, polo que non van votar en contra da proposta pois iría en prexuízo dos veciños, pero non van votar a prol, vanse abster.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que os colle de sorpresa. O que se presenta é un informe técnico dunha empresa privada que neste momento traballa no Plan xeral de Cambre, e non hai ningún informe dos servizos técnicos municipais que avalie as cifras que veñen nesta memoria. Preséntanse os datos dun orzamento, e non saben se con isto se pretende que o pleno avalie esta solicitude, porque a última subvención que se concedeu para estes traballos, parte houbo que devolvea.

Segue dicindo que, sen que os técnicos municipais avalien, por cuestións económicas, financeiras, técnicas, etc. esta proposta, eles non van comprometer o seu voto, e non o van facer porque tamén lles parece demagórico pedir diñeiro simplemente por dicir que aos veciños de Cambre lles ven ben. É mellor que os técnicos digan se é legal, pois trátase de facer unha solicitude sobre unha memoria da empresa que está executando os traballos, por iso preguntan que é o que van votar agora, cal é a proposta concreta que se formula dende o equipo de goberno, pois a descoñecen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que entenden que se pida unha subvención, pero preguntan como está o contrato, e entenden que se solicite a subvención con independencia de que o faga a empresa que fixo os traballos do Plan xeral, ou o faga outra empresa, porque non ten por que ser a mesma empresa. Gustaríalles saber como está o expediente, e pide que conteste o Sr. alcalde ou a secretaria.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que lle sorprende a proposta, pois o plan se contratou á empresa en 190.000 €, fixoo hai catro anos, aprobouse, a Xunta o rexeitou, e a empresa tiña que ter feito as modificacións oportunas. Non o fixo nestes catro anos, e agora a empresa quere cobrar máis, cobrar o traballo para refacer o que fixo mal. Agora, de 190.000 € en que se contratou, pide 387.000 €, é dicir, máis do dobre do que custou en principio o Plan xeral, e pídeo para adaptar o Plan xeral ás leis. Antes xa se lles quixo obrigar a que adaptasen o plan á legalidade, e non fixeron nada, a empresa negouse.

Conclúe dicindo que hai uns informes desfavorables dos servizos técnicos, Intervención, Secretaría, técnico de urbanismo, e agora preténdese facer un contrato, polo que non van apoiar a proposta. O normal é que se saque a contratación, e non facer isto para pagar o que non se podía pagar xa antes.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que non van entrar en algo que é responsabilidade da anterior corporación e, dirixíndose a don Manuel Marante Gómez, dille que el formaba parte da citada corporación. O que se propón agora non é contratar con esta empresa o que falta para facer o Plan xeral, senón que do que se trata é de pedir unha subvención que ademais fai falta para completar o Plan xeral. Outra cousa é que despois se estuden as responsabilidades da empresa e dos políticos. Non se está a dicir que se vaia contratar con eles, senón que se trata de asumir o reproche de que se fai tarde e mal.

Conclúe dicindo que é un tema complexo, esta empresa é a única capacitada para valorar os catro cambios legislativos. Pediuse un informe, e trátase simplemente de pedir a subvención, que non se perda, e despois se verá se se fan os traballos con esta empresa ou con outra.

Don Manuel Marante Gómez pregunta que entón para que se están reunindo en comisión informativa con esta empresa, se está traballando co Plan xeral ou non. Non entende como é posible que hai un mes se tivera unha reunión coa empresa para explicalo, e o mes anterior tamén, polo que non digan que non se lles quere pagar. Tiñan que ter feito as adaptacións á lei, pero eles querían facer á carta.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que el non formaba parte do goberno municipal, e don Manuel Marante Gómez si, el saberá por que chegaron as cousas a estes termos, e di que o feito de que a empresa siga é por puro sentido da responsabilidade, xa se dirá despois nesta cámara que se fai co contrato, agora só se trata de pedir a subvención.

A continuación, toma a palabra o Sr. alcalde e expón que hai un contrato, e dentro das cláusulas que o rexen establecíase que a empresa debía finalizar o plan aínda que houbera algúns cambios legislativos. Nestes últimos anos houbo moitos cambios, e pediuse orzamento sobre canto pode custar, sexa a través desta empresa ou doutra. Considera que é unha pena non aproveitar esta subvención, pois hai que facer os traballos, fágao esta empresa ou fágao outra.

Neste momento a empresa comprometeuse a explicar o que está feito do Plan xeral. El, como alcalde, quería que se soubera o estado no que está o Plan xeral. Se se pide a subvención e a Xunta a concede, pois benvida sexa, outra cousa distinta é o contrato, polo que propón que se pida o 80% do que custan os traballos, e non deixar pasar o prazo para que se perda todo.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que están de acordo con que se pida, pero que quede claro que iso é con independencia destes problemas, pois haberá que ver con quen se vai contratar xa que segundo parece polo que se dixo, hai no expediente informes técnicos en contra.

O Sr. alcalde responde que hai uns informes feitos hai catro anos por Intervención, o xefe da Área de Urbanismo e Secretaría cando a empresa pediu máis diñeiro, e no contrato se establecía que non sufriría incremento por cambios normativos, pero ao mellor hai que decidir se cambiou na súa totalidade, pois está o tema da Vía Ártabra, o impacto medioambiental, etc., xa se verá a quen se paga.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que se lles faciliten os informes.

O Sr. alcalde contesta que se lles entregarán.

Don Nicolás Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que se houbo un contrato, se cobrou. Enviáronse os traballos á comunidade autónoma, e agora hai que volver facer adaptacións. Que o fagan eles ou que faga outra empresa o que haberá que facer é pedir a subvención, pero non deixar pasar o prazo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a empresa cobrou, tratarase de retomar os informes e, a partir de aí, adoptarase a decisión.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, insiste en que el fixo unhas preguntas na súa intervención e non se lle contestou. Pregunta que, en concreto, que se vai votar, cal é a proposta.

O Sr. alcalde contesta que a proposta é acollerse á orde da consellería, e pedir unha subvención para concluír o Plan xeral.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta por que non hai ningún informe técnico municipal avaliando esta petición, porque a empresa xa demostrou bastante en como concluíu o proxecto no 2003, é incapaz de sacar un plan xeral adiante porque, segue dicindo, problemas de contratación á parte, a empresa non ofrece garantías de que sexa solvente para cumprir coas liñas de actuación, xa que quen ten que aprobar o Plan xeral hoxe ten uns criterios máis firmes.

Conclúe dicindo que ás comisións informativas ven un técnico da empresa, e o primeiro que habería que facer é resolver o contrato coa empresa, e se non están de acordo, que recorran, e a partir de aí comezar de novo. Cren que se non se fai así van acabar mal. O argumento de perder subvencións non é válido. A súa posición é contraria, e sen os informes técnicos favorables non se lles ocorre votar a prol.

Don Manuel Marante Gómez engade que non hai informes técnicos, nin de Intervención nin de Secretaría, acompañando esta valoración e petición da subvención, e pedir unha subvención cun informe dunha persoa allea non é de recibo.

Don José Antonio Baamonde López manifesta que do que se está a falar é de que o importante é solicitar a subvención, e despois xa se verá se é esta empresa ou outra a que faga os traballos. Ao seu grupo dálle igual, pois nin coñecen a esta empresa nin a outra, e agora mesmo pensar en cambiar de empresa sería tirar por terra o traballo de anos, e sorpréndelles como concelleiros que tiveron responsabilidades de goberno ata hai pouco, agora non están de acordo. Don Manuel Marante votou a prol no 2003, e durante catro anos, do 2003 ao 2007, cando o único grupo que estaba na oposición era o PP que se cansou de pedir a aprobación do Plan xeral, non actuou, nin se fixo nada. Por iso, engade, non sabe se o BNG ten razón ou non, pero nos catro anos anteriores si que tiña a forza para axilizar o Plan xeral e non fixo nada. Por iso, a culpa é do PSOE e, particularmente, do Sr. alcalde, pero tamén ten parte de responsabilidade un partido que sostivo ao PSOE e que non fixo nada ao respecto. O PP non está en contra de que veña unha subvención.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el estaba no PSOE e votou a prol do Plan xeral, e tamén o PP, é máis, votaron todos a prol do Plan xeral, se se marchou do PSOE foi porque non lle gustaba como se estaban facendo as cousas.

O Sr. presidente dá por concluído o debate, e somete a votación ordinaria a proposta de acollerse á Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, e solicitar unha subvención de 164.569,84 €, equivalente ao 80% dos 205.712,30 € en que se estima o orzamento para adaptar á lexislación urbanística e medioambiental vixente, os traballos executados do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre.

Votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os dous concelleiros de EU-IU, votan en contra os catro concelleiros do BNG e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Acollerse á Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, e solicitar unha subvención de 164.569,84 €, equivalente ao 80% de 205.712,30 € en que se estima o orzamento para adaptar á lexislación urbanística e medioambiental vixente, os traballos executados do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre.

9º.- Informes da Alcaldía.

Non foi utilizado este punto.

10º.- Rogos e preguntas.

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 11.933 o 20 de outubro actual.

1º Téndose anunciado hai mes e medio o inicio da actividade escolar na galescola do noso concello e non téndose producido a data de hoxe ningún tipo de cambio nesta situación, o grupo municipal popular solicita do equipo de goberno se ten coñecemento ou dispón dalgún calendario no que veña reflectida a previsión da apertura do mencionado centro.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que no tema da galescola hai un atraso considerable do que se podería falar, pero van referirse ás xestións realizadas por este equipo de goberno para reducir o atraso e abrir a galescola.

O 23 de agosto tiveron unha reunión na que asistiron a concelleira de Asuntos Sociais, a coordinadora e os técnicos municipais para comprobar o estado das obras, e levantaron un acta onde se fixo constar as deficiencias e que a obra estaba parada. Deuse un prazo á empresa para concluír as obras.

Houbo outra reunión o 25 de setembro onde se comprobou que o mobiliario estaba sen subministrar e que había obras sen facer. Así, cando ven o persoal do Consorcio a inspeccionar a obra, indican que hai medidas que corraxir, e que non foran abordadas ata o momento polos representantes municipais: colocación de ventilación directa, as esquinas non estaban protexidas, non había unha baranda colocada na entrada, non había portas nos baños, etc., todas medidas que debían ter sido abordadas no seu momento.

O 27 de setembro faise o informe pola inspectora do Consorcio, que chega aquí o día 1 de outubro, e tardan entre cinco e seis días en solucionar todo isto.

O 16 de outubro viñeron de Sanidade e observaron outras deficiencias, que teñen sido abordadas. Hoxe é 25 e agora están a expensas do permiso de inicio da actividade que se presentou o venres da semana pasada e que aínda non enviou o Consorcio.

Conclúe dicindo que non puideron ir máis rápido, e non se preocuparon de buscar os culpables do atraso, pero teñen claro que non son eles.

2º Dende hai uns meses atópase en funcionamento a depuradora situada na parroquia do Temple, foron numerosos os veciños que nos manifestaron os intensos cheiros que en ocasións se perciben no seu contorno; por todo isto o grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno se ten constancia destes feitos e que informe sobre a empresa encargada, tipo de mantemento, periodicidade, etc., que se leva a cabo na depuradora.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que no concello non hai constancia destes feitos. O servizo lévase a cabo por Augaservi. Fai unha revisión dúas veces ao día, mañá e tarde, e dá lectura a un informe respecto das tarefas desempeñadas pola empresa.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, pregunta se é o mesmo que fixo o informe da Costa da Tapia.

3º Unha vez finalizadas as obras de acondicionamento do río Mero, rógase ao equipo de goberno que realice as xestións oportunas para limpar de grandes troncos que se atopan a día de hoxe

atrancando o leito do río, situación esta que pode levar a orixinar serios problemas cando esteamos na época de choivas.

O Sr. alcalde contesta que están de acordo. Pedíuse xa á Consellería de Medio Ambiente e agardan que se leve a cabo.

Rogos de EU-IU presentados por escrito.

Rexistrados de entrada ao n.º 11.907 o día 19 de outubro de 2007, xunto coa moción e as preguntas.

1º No pleno municipal do día 13 de xullo aprobouse a creación dunha Comisión Informativa Especial para o Plan de Urbanismo. Tendo en conta a complexidade do tema, a citada comisión, baixo o noso criterio, debería completarse con persoal técnico do concello.

Pregamos ao goberno municipal que faga as xestións para incorporar á dita comisión, ao xefe da Área xurídica de Urbanismo e Réxime Interior do concello.

Así mesmo, solicitamos que como mínimo dous días antes de que teña lugar a comisión, os grupos políticos teñan á súa disposición para o exame a documentación relativa ao asunto a tratar.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que lle agradece a suxestión pero non se acepta a primeira parte do rogo. A organización administrativa corresponde ao equipo de goberno, e cren que a representación técnica que asiste é a que debe asistir.

En canto á segunda parte do rogo, están de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que é certo que está o aparelador, pero os grupos da oposición atópanse indefensos pois se queren facer unha pregunta de tipo xurídico non teñen a quen facela. Terán que facela despois da comisión e volver á seguinte coas ideas claras. Ademais, conclúe, o Plan xeral terá que ser informado xuridicamente para que veña ao pleno, polo que é interesante que as decisións que se vaian adoptando sexan as que legalmente corresponda.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que tamén se podería traer un psicólogo, un sociólogo, etc., pois é un plan transversal. Consideran que as preguntas non van ser tan urxentes como para ter que facelas no momento.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que no seu momento o técnico terá que informar, polo que é a persoa que debería asistir para informar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que cal é a diferenza entre o rogo do PP e o de EU-IU, pois agora débatese, e antes se cortou.

2º Dende hai moitos anos a ría do Burgo ven experimentando unha deterioración acelerada no seu leito e na calidade das súas augas, son moitos os intentos de frear o problema da ría, e tamén moitas as

promesas realizadas por parte dos responsables públicos para levalo a cabo. Mais o certo é que aínda que se teñen adoptadas algunhas medidas correctoras, resulta incomprendible a situación actual de contaminación.

O grupo municipal de EU-IU, prega ao Sr. alcalde, que en nome do pleno municipal, se dirixa aos máximos responsables das administracións central e autonómica, así como á Deputación Provincial, para pedirilles que na súa acción inmediata se priorice a execución dun proxecto para a recuperación e saneamento da ría do Burgo.

O Sr. alcalde contesta que está de acordo.

3º Parece evidente que a mellora de determinados servizos do concello, non se corresponden coa calidade que deberían prestar para cumprir esta función. Veciños/-as do lugar do Drozo en Cambre, denunciaban ante o noso grupo que a recollida do lixo efectuada polo Consorcio das Mariñas, non se realizaba coa periodicidade diaria que está establecida.

Para EU-IU estes feitos demostran o deficitario servizo que se presta aos usuarios, e as posibles irregularidades que se poidan derivar, tendo en conta ademais o esaxerado incremento na taxa de recollida de lixo nos últimos anos.

O noso grupo prega que se elabore un informe que avalie o grao de cumprimento do contrato, quedando perfectamente claro se o servizo que reciben os veciños/-as se corresponde co establecido coa empresa adxudicataria, e co diñeiro pagado a través das taxas vixentes, facilitando copia do citado informe aos grupos políticos da oposición, esclarecendo tamén as posibles responsabilidades derivadas dos feitos denunciados.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o servizo non está funcionando como debería funcionar, e vaise facer un requirimento por parte do técnico municipal. De todas formas, hai que ter en conta que nalgúns zonas a recollida se fai tres días á semana, non todos os días. Mandará aos técnicos que fagan un seguimento para ver se se cumpre ou non co contrato.

O Sr. presidente manifesta que non se van tratar os rogos presentados polo GM (PG), pois están fóra de prazo.

Don Manuel Marante Gómez pregunta á secretaria da corporación se están fóra de prazo, e dado que foron presentados o día 23 deste mes, é certo que non se cumpriu co establecido no Regulamento orgánico municipal, segundo o cal deben presentarse con dous días de antelación ao da celebración da sesión ordinaria.

Don Manuel Marante Gómez contesta que non está de acordo.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

1ª Ante a noticia aparecida estes días nos medios de comunicación do inicio das obras de mellora da estrada Frais-Espíritu Santo (AC-1703) e ante a expectación xerada por esta, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno se van efectuar algún tipo de reunión informativa con veciños e empresarios da zona para informar do desenvolvemento das obras así como a recompilación de suxestións,

melloras e/ou carencias como é o caso da inexistencia de beirarrúas, as que consideramos vitais debido ao gran número de peóns que camiñan polo citado vial.

O Sr. alcalde contesta que tiveron unha reunión coa representación dos veciños en xullo e presentaron queixas pola liña de expropiación, que non estaba ben, así como polo feito de que o proxecto non levara beirarrúas. O 22 de outubro chegouse a un acordo entre veciños, técnicos da Deputación, director de obra, etc.

A empresa comprometeuse a facer as obras a mediados de novembro e o presidente da Deputación adoptou o compromiso de incluír o tema das beirarrúas no vindeiro exercicio.

Don José Antonio Baamonde pide que se manteñan tamén reunións cos empresarios do polígono industrial.

2ª Dende o grupo municipal popular solicítase a relación de empresas que na actualidade prestan os seus servizos ao Concello de Cambre, así como o tipo de contrato con este, se é mediante contrato de servizos, concesión, contratación temporal, verbal ou outras modalidades existentes.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que segundo os arquivos municipais, a relación de empresas é de 38. Hai de todo, contratos caducados, prorrogados de xeito especial, verbais, etc., e é o seu desexo poñer este tema en orde. Engade que a Secretaría Xeral ten xa propostas sobre temas urxentes. Conclúe dicindo que sobre a situación xurídica responderá por escrito nos vindeiros días.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pide que se facilite o importe que factura o concello.

3ª Dende hai tempo e de diferentes formas o grupo municipal popular amosou a súa preocupación pola seguridade viaria da N-550 ao seu paso polo noso concello, xa que de todos é coñecido é un lugar onde desgraciadamente se produciron numerosos accidentes e atropelos con perda de vidas humanas. Ante isto, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno que xestións realizaron para paliar esta situación, e que proxectos de mellora no apartado de seguridade viaria hai previstos para mellorar esta estrada ao seu paso polo noso termo municipal, así como os seus prazos de execución.

O Sr. alcalde contesta que na reunión que mantiveron con responsables de estradas quedaron en contratar semáforos. En canto a Altamira, quedouse en ter unha reunión para buscar o sitio exacto. En canto á Rocha, o proxecto apróbase en novembro e contratarase a finais de ano.

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

Rexistradas de entrada ao n.º 11.975 o 22 de outubro actual.

1ª As obras da beirarrúa da Xira en Sigrás comezaron pouco antes das eleccións e, pouco despois, pasadas estas, paráronse con menos da metade do percorrido acabado.

Cal é o motivo desta parada e cando se rematarán?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que as sendas se fixeron ata onde houbo dispoñibilidade de terreos.

2^a Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que retiran a pregunta pois, segundo as noticias e comentarios escoitados neste pleno, parece que felizmente está próxima a apertura.

Felicita polo traballo, pero tamén lles desexa que non lles volva tocar para a execución dunha obra, unha empresa como a que resultou adxudicataria nun expediente de contratación feito polo libro, e unha dirección de obra como a que houbo na galescola, como pode comprobarse no expediente de contratación.

3^a Coñece o goberno local o número aproximado de empresas de Cambre, especializadas en obra civil que poderían optar a contratos coa administración local inferiores a 12.000 €?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, segundo os datos obtidos dos rexistros públicos existentes, 19.

4^a Parécelle ao goberno municipal unha práctica política correcta a adxudicación directa de contratos de obras a militantes e candidatos socialistas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non entran a valorar a pregunta, pois non fan contratacións con militantes ou candidatos socialistas, senón con empresas que cumpren coa lexislación vixente. Engade que, durante o 2005, 2006 e 2007 os concelleiros do BNG adxudicaron ou propuxeron adxudicacións con reparos da Intervención municipal por importe de máis ou menos 700.000 €.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que antes dixo que eran 19 empresas, pero o concello ten unha guía editada que foi un recurso utilizado en moitas ocasións para facer cousas e son máis. En gastos pequenos solicitábase máis dun orzamento a empresas, e mantívose aos provedores habituais que funcionaban ben, pero non a militantes do BNG, e en cambio si se fai agora con militantes ou simpatizantes do PSOE e do PP.

Conclúe dicindo que só non se pedían orzamentos por motivos de urxencia, como en obras dos colexios, pero contratar con militantes non lles parece ben, aínda que sexa legal.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a demagogia é patrimonio dalgúns, e que este goberno non discrimina a ninguén. E en canto aos contratos adxudicados ou propostos polo BNG entre 2005 e 2007, mencionados anteriormente, non se refire a actuacións legais, senón con presunta infracción da legalidade, con reparos da Intervención.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se é certo o que di que vaia aos tribunais.

5^a Cal é a situación dos comedores escolares asumidos pola Xunta no comezo do curso?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que están xestionados pola Xunta. Houbo problemas coas prazas en Porto Faro pero non foron problemas de funcionamento, senón que neste colexio, o 27 de xuño se recibiu un fax da Consellería dicindo que se concedía a gratuidade do comedor e entón se

preparou un listado para comezar en setembro. Ese listado preparouse coa Apa, había que enviálo en xullo, e enviouse. Despois cando a xente se enterou que era gratuíto, apuntouse máis, ese foi o problema.

6ª Ten intención o goberno local de comezar as obras da escola municipal de música ou xa decidiu anular este investimento?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que xa se comezaron. Fixéronse os trámites correspondentes, autorizouse o plan de seguridade e saúde e xa levaron algunha maquinaria.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que, a pesar dos catro meses de atraso, felicítaos por ter comezado a obra.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.

Rexistradas de entrada ao n.º 11.907 o día 19 de outubro de 2007, xunto coa moción e os rogos.

1ª No pleno municipal do pasado 26 de xullo, aprobouse por unanimidade de todos os grupos políticos presentes no concello, unha moción de EU-IU sobre o “Acondicionamento do Campo da Feira de Cambre e saneamento do seu arboredo”. Nela establecíase o compromiso de tomar as medidas axeitadas para o mencionado fin.

Transcorridos tres meses dende a data de aprobación, e a pesar do seu estado de deterioración e abandono, apréciase un baixo nivel de cumprimento deste acordo, non apreciando o noso grupo municipal un auténtico interese por parte do goberno, en dar cumprimento ao compromiso adquirido.

Cales foron as xestións realizadas polo goberno municipal para conquistar o compromiso adquirido no pleno?

Cales foron os resultados?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a xestión que se fixo foi pedir ao concesionario do servizo un informe, e a conclusión é que non hai posibilidade de restauración. A partir de aí xa se verá.

Continúa dicindo que, en canto ao estado do solo, mediante un informe da Xunta de Galicia rexeitouse a reforma do solo do Campo da Feira e agardan a que lles digan que pavimento se pode colocar.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que non se debeu pedir o informe á empresa que presta o servizo, deberían pedilo á universidade, que sería máis obxectivo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se hai dispoñibilidade orzamentaria para iso, se fará.

2ª A colocación das antenas de telefonía móbil no noso termo municipal, é un tema que levantou e está levantando a contrariedade dos veciños/-as, especialmente na Costa da Tapia. A nosa

formación política ten presentado no concello varios escritos en relación co problema, e tamén unha iniciativa no pleno municipal ordinario do mes de xullo, comprometéndose o voceiro do goberno a facilitarnos a información existente no expediente. A día de hoxe seguimos sen ningunha información respecto do tema. Tendo en conta que por parte do concello se está tramitando a licenza para legalizar as mencionadas infraestruturas.

Cal é a razón de que non se cumprira o acordado?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que segundo os datos obtidos dos expedientes que hai no concello, hai cinco licenzas en regra a prol tres de Vodafone e dous de Airtel. Unha de telefonía móbil desistiu do procedemento e outra de Vodafone que se lle suspendeu a actividade. Recorreron e está pendente.

3ª No pleno municipal do pasado mes de setembro, o Sr. alcalde recoñecía que a zona inundable do Caneiro, non estaba libre de sufrir próximas inundacións, motivado fundamentalmente pola orografía do terreo.

Ten constancia o goberno municipal, da existencia dalgún plan de seguridade para coordinar as posibles emerxencias, respecto do encoro de Cecebre?

Ten solicitado o concello algún tipo de medidas preventivas, que poidan atenuar o alto risco que sufren os cidadáns, e as súas propiedades polo desbordamento do río?

O Sr. alcalde contesta que mantiveron reunións cos veciños e agora está pendente doutra reunión, pero non hai moita solución. A solución era coller unha finca e bombear alí, pero as casas do Caneiro están máis baixas. Podíase facer un colector e bombear. Os veciños ían buscar unha finca, pero non o fixeron. Tamén se quedou en tirar peches. Conclúe dicindo que a vindeira semana van ter unha reunión cos afectados.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que a pregunta é se existe algún plan de seguridade para coordinar as emerxencias respecto do encoro de Cecebre, é dicir, se hai medidas acústicas para avisar aos veciños, etc., como hai noutros sitios.

O Sr. alcalde contesta que é certo que, normalmente, Augas de Galicia non informa das avenidas, e pediuse que o fagan. Non obstante, agora vaise inundar menos, o río discorre mellor e as avenidas serán máis pequenas, pero o problema segue sendo no Caneiro, que está máis baixo que o nivel do río.

Conclúe dicindo que non hai plan de seguridade, pero pedirano.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia